




XUNTA
DE GALICIA

7 • CHAVES

**para a prevención
da COVID -19 na túa empresa**



Información útil do [ISSGA](#) para pemes,
persoal autónomo e o seu persoal traballador

1. Cales son as medidas preventivas que hai que adoptar para evitar contaxios no traballo?

As máis importantes son:

- Garantir a distancia de seguridade interpersonal de **1,5 metros**.
- Respetar as medidas de **hixiene persoal**: lavado de mans e etiqueta respiratoria.
- **Usar adecuadamente a máscara e outros medios de protección** que se precisen.
- **Reforzar a limpeza e desinfección** dos locais e de aquelas superficies que se tocan con máis frecuencia.
- Asegurar a **renovación de aire** nos locais, tanto se ventilamos naturalmente (portas e ventás), como se temos instalado sistemas de ventilación ou climatización.
- **Establecer medidas organizativas** principalmente para evitar a confluencia de persoas.
- **Informar** ás persoas traballadoras e usuarias dos centros de traballo sobre as medidas a cumprir e sobre as pautas de actuación ante unha sospeita de COVID-19 no lugar de traballo.

A elaboración dun plan de continxencia pode ser unha boa ferramenta para facilitar a adopción destas medidas, en especial para as actividades de maior complexidade. Deberase recoller sempre como actuar no caso dunha sospeita de COVID-19.

Lembre que a normativa recolle medidas específicas por actividades e restricións por territorios a cumprir e que varían en función da situación epidemiolóxica.

Consulte na seguinte ligazón da Consellería de Sanidade:

<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Preguntas-normativa-COVID>

2•

Que debe facer a persoa responsable do centro de traballo/empresa se hai un caso confirmado/positivo?

- **Colaborar cos profesionais sanitarios** para a detección precoz de todos os posibles contactos no ámbito laboral.
- **Contactar cos profesionais do seu servizo de prevención de riscos laborais**, que tamén colaboran na detección, investigación e seguimento dos casos e contactos estreitos.
- **Facer unha limpeza e desinfección a fondo** do centro de traballo garantindo a desinfección das zonas de uso común e das superficies de maior contacto. Non é necesario recorrer a unha empresa especializada.

Para a desinfección utilice dilucións de lixivia 1:50 recentemente preparadas ou produtos virucidas que se atopan no mercado autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf

Quen di cales son os contactos estreitos e que deben facer?

3•

- Se o contacto estreito ven polo ámbito familiar os profesionais sanitarios de **atención primaria ou de saúde pública**.
- Se o contacto estreito é laboral, tamén **pode ser o persoal do servizo de prevención de riscos laborais**.
- As persoas consideradas contactos estreitos **téñense que someter a corentena e vixilancia de síntomas**, seguindo as instrucións dos profesionais sanitarios.
- Se non poden teletraballar deben solicitar a baixa no servizo de Atención Primaria co informe do persoal médico do servizo de prevención de riscos laborais da empresa se foi este quen indicou a corentena.

Considéranse contactos estreitos:

As persoas que proporcionaron cuidados a unha persoa infectada e tamén as que estiveron cunha persoa infectada a menos de 2 m máis de 15 min.

No ámbito laboral o servizo de prevención poderá ter en conta o cumprimento das medidas preventivas implantadas.

Non se consideran contactos estreitos:

As persoas que estiveran a menos de 2 metros e durante 15 minutos coas medidas de protección e prevención adecuadas. No caso de dúbida deberá considerarse como contacto estreito.

Que facer se hai un caso con síntomas en espera de probas ata a súa confirmación no meu centro de traballo?

4•

O persoal que poida ser considerado contacto estreito dese posible afectado debe vixiar os síntomas á espera de que se resolvan as probas diagnósticas. **Podería ir traballar respectando en todo momento as medidas de prevención**, especialmente o uso da máscara, en tanto non haxa outras indicacións por parte dos profesionais sanitarios.

Cando é obrigatorio o uso da máscara nos centros traballo?

5•

- Será obrigatorio sempre que estes sexan espazos de uso público ou que se atopen abertos ao público (comercios, restaurantes, academias, oficinas, salóns de peiteado, etc.) aínda que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Non será obrigado o uso da máscara naqueles traballos mentres se desenvolvan tarefas en solitario.
- Non será esixible o uso de máscara cando pola propia natureza das actividades resulte incompatible conforme as indicacións das autoridades sanitarias.
- Os servizos de prevención de riscos laborais deberán asesorar ás empresas sobre as condicións de utilización da máscara.

Para máis información
pode consultar a nota sobre o
uso da máscara da Dirección
Xeral de Saúde Pública da
Consellería de Sanidade:

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/476/Usos_mascarilla.pdf

Que máscara usar para a protección frente a COVID-19?

As máscaras hixiénicas e cirúrxicas **actúan de barreira das pingas respiratorias que botamos ao ambiente cando falamos, tusimos, esbirramos...** e son efectivas cando se usan por todas as persoas que están nun lugar determinado.

As **máscaras hixiénicas** non reutilizables cumprirán cos requisitos mínimos da UNE 0064-1:2020

As **máscaras hixiénicas reutilizables** cumprirán cos requisitos mínimos da UNE 0065:2020

As **máscaras cirúrxicas ou médicas** son un produto sanitario homologado. O mercado CE e a referencia á norma UNE-EN 14683 asegura o cumprimento dun estándar de calidade.

A máscara cirúrxica é a que debe colocarse a calquera persoa que presente síntomas estando no traballo.

A máscara de protección individual **EPI (tipo FFP2)** só debe utilizarse cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais.

Lembre utilizar correctamente a máscara:

- Lave as mans antes de poñela.
- Colla a máscara polas gomas.
- Coloque a cara de cor azul cara a fóra e o arame arriba se se trata dunha máscara cirúrxica.
- Axústea e cubra ben o nariz, a boca e a barbela.
- Evite tocar a máscara mentres a leve posta.
- Para retirala cóllaa polas gomas sen tocar a máscara, refúguese nun cubo e non esqueza lavar as mans.

Como podo asegurar unha adecuada ventilación?

- Sempre que sexa posible preferirase a **ventilación natural** polo menos durante 15 minutos antes de entrar no local aínda que haxa ventilación mecánica.
- Cando teña un sistema de **ventilación centralizada** este debe subministrar tanto aire exterior fresco como sexa posible: 12,5 l/s e ocupante (mínimo recomendable). Desactivarase a recirculación do aire interior.
- **Os sistemas fancoils ou split** (tipo cassette) recoméndase apagalos, se non é posible manter os ventiladores funcionando continuamente.
- Nos locais que non se poidan ventilar adecuadamente recoméndase o uso de unidades portátiles equipadas con filtros de alta eficiencia HEPA.

Recoméndase solicitar o **asesoramento do persoal técnico** encargado do **mantemento** dos sistemas de climatización co fin de **garantir unha adecuada renovación** do aire no local.

Aconséllase substituír os filtros de aire de acordo co programa de mantemento xa establecido en cada edificio.

A stylized white line-art illustration of a circuit board on a blue background. It features various components like integrated circuits, capacitors, and connecting lines.

7•CHAVES

para a prevención
da COVID -19 na túa empresa

Información útil do ISSGA para pemes, persoal autónomo e o seu persoal traballador



**XUNTA
DE GALICIA**